

ACTA DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2022

O día 22 de xuño do 2022, ás 12,30 horas, reúnese a Comisión de Avaliación integrada por D^a María José Castro Carballal, D. Emilio López Agra e D. Juan Neiro Pulleiro, segundo o establecido na base 7^a da resolución da valedora, do 15 de novembro do 2021, pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes do corpo auxiliar nesta institución, coa seguinte orde do día:

1) Estudo e contestación ás reclamacións presentadas ás valoracións provisionais.

2) Proposta de resolución do concurso á valedora do Pobo.

Vistos os escritos presentados por D^a M^a del Carmen Abeijón Albeniz, D^a Gloria Marina Couceiro Leira e D. José Francisco Sánchez-Brunete Varela contra a resolución do 3 de xuño de 2022, pola que se fixo pública a valoración provisional dos méritos dos solicitantes, a Comisión de valoración estuda as reclamacións presentadas, e prepara a contestación a ditas reclamacións.

Resoltas pola comisión as reclamacións presentadas, redáctase a proposta de resolución do concurso á valedora do Pobo, de acordo co establecido na base 8^a da resolución do 15 de novembro do 2021 pola que se convoca concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes nesta institución.

Levántase a sesión sendo as 14:30 horas do día e lugar arriba indicados.



María José Castro Carballal



Emilio López Agra



Juan Neiro Pulleiro